



A PRENSA INFANTIL E XUVENIL GALEGA E AS SÚAS RELACIÓNS COA PRENSA PARA NENOS E MOZOS DAS DISTINTAS COMUNIDADES LINGÜÍSTICAS DO ESTADO ESPAÑOL

Xosé A. Neira Cruz

Universidade de Santiago de Compostela

Desenvolvemento da prensa infantil e xuvenil en Galicia

A prensa infantil e xuvenil en lingua galega ten un desenvolvemento serodio e unha implantación inestable, existindo unha soa iniciativa monolingüe en galego dirixida ós máis novos anterior ó comezo da Transición. Estámonos a referir a *As Roladas*, prego de catro páxinas dirixidas polo poeta Ramón Cabanillas e ilustradas por Castelao e polo arquitecto Antonio Palacios. Trátase dunha empresa xurdida en maio de 1922, de vida efémera, dotada dunha compoñente altamente idealista e impregnada do desexo de transmitir ás novas xeracións o amor por Galicia e a súa cultura. Outro aspecto interesante de *As Roladas* é a personalidade dos seus promotores, todos eles persoeiros de gran relevo na vida cultural e política do momento; como é o caso —ademais dos xa citados— de Vicente Risco, Portela Valladares, Fernández Flórez ou Juan Armada, marqués de Figueroa. Así mesmo, chama a atención a pretensión de que esta “Folla dos rapaciños galegos” (segundo rezaba o subtítulo da publicación) se convertese na canle para a creación por toda Galicia dunha rede coordinada de grupos e asociacións infantís que a publicación denominaba precisamente “Roladas”. Os ditos grupos dedicaríanse a traballar

...con todo amor e vontade en recoller notiñas e apuntes, sobor toponimia e folklore de Galicia e, en xeral, no que teña intrés e relación co-a cultura gallega¹

¹ *As Roladas*, nº 2, Madrid, julio 1922, p. 2

Desaparecida esta iniciativa entusiasta pero moi pouco desenvolvida desde o punto de vista empresarial e, sobre todo, pouco asentada en criterios realistas, haberá que esperar ata os albores da transición do franquismo á democracia para asistir ó renacemento da prensa infantil en galego, oportunidade que chega da man de *Axóuxere*, semanario que nace nas vésperas da morte de Franco, cando se está a respirar en España un ambiente de cambio e de renovación no que os profesores e mestres ocupan un destacado lugar. En Galicia, este clima de expectación pola recuperación dun sistema democrático coincide coa busca de ferramentas e a apertura de canles para a promoción e a normalización da cultura galega. A situación vivida neses anos foi descrita con claridade e concisión por Agustín Fernández Paz, protagonista e testemuña privilexiada, por outra parte, da actividade dos profesionais do maxisterio nesta etapa de crucial importancia na nosa historia recente.

Na cultura galega, froito da permisividade que o réxime político se ve obrigado a adoptar, danse unha serie de avances significativos. Por primeira vez dende os anos da República, a lingua galega volve a ter unha forte dimensión social e pública, sendo a lingua que se asocia coas posturas progresistas e democráticas. Así, hai unha serie de feitos significativos, entre os que cómpre salienta-la progresiva aparición pública das diversas forzas políticas, configurando un panorama distinto ó que ata entón houbera, así como o progresivo espazo público que a cultura galega (e mesmo a lingua) vai collendo nalgúns medios de comunicación (Fernández Paz 1989: 27)

O principal responsable de poñer en marcha esta segunda iniciativa de prensa infantil en galego, o semanario *Axóuxere*, foi Paco Martín, que viviu en primeiro plano esa situación de carencia de materiais en lingua autóctona na escola. Na tarefa de facer realidade esta publicación estivo auxiliado por dous importantes ilustradores, Xoán Balboa e Ulises L. Sarry, a quen se lles deben algúns dos primeiros exemplos de cómic orixinais en galego. Entre os principais logros acadados por *Axóuxere* hai que sinalar a organización de campañas de lectura en galego e de certames literarios dirixidos ós nenos e nenas de toda Galicia, entre os que chegou a ter gran eco e presenza, singularmente no marco da comunidade escolar. Nos 28 números da súa existencia (desenvolvida entre xullo de 1974 e xaneiro de 1975), apréciase aínda a sombra da censura ou da autocensura imposta polas condicións do momento, pois non hai que esquecer que nos atopamos nos meses previos ó final da ditadura en España, cun réxime absolutamente debilitado, sen solución de continuidade pero aínda activo no plano das ameazas e das tensións máis ou menos solapadas.

No mesmo mes e ano en que desaparece *Axóuxere* nace en Santiago de Compostela a revista *Vagalume*, publicación quincenal de vinte páxinas impresas a dúas tintas con portada e páxinas centrais en cuatricromía que constitúe un dos exemplos de prensa infantil máis interesantes desenvolvidos no Estado español nese momento. Dirixida por Marta Isabel García de Leániz e, nos últimos números, por Xosé Fortes Bouzán, *Vagalume* destacou tanto pola súa defensa dunha opción monolingüe en galego —aspecto

de grande importancia no contexto socio-político da época— como pola súa capacidade para iniciar en Galicia un movemento de atención e paulatino apoio á existencia de publicacións en lingua propia dirixidas ós máis novos. A carón destas cuestións, hai que situar tamén a constante investigación realizada polos responsables de *Vagalume* na cultura de Galicia nas súas diversas vertentes (literatura, etnografía, ciencias naturais, historia, xeografía, etc.) e maila apertura cara a unha realidade cultural sen fronteiras temáticas (as referencias á pintura e á escultura sen idade preestablecida eran frecuentes nas páxinas desta revista) nin xeográficas (foron abondosas tamén as achegas literarias de autores de sona internacional que, por primeira vez, puideron ser lidos en galego nas páxinas de *Vagalume*). Todos estes aspectos constitúen, ó noso entender, unha dimensión novidosa e verdadeiramente meritoria na traxectoria desta revista como publicación infantil dinámica, plural, interesante e en absoluto afectada por tentacións pacatas, cercenadoras ou infantilizantes. Reforza esta dimensión a introducción de temas de actualidade —algúns deles certamente conflictivos desde o punto de vista social— e a presenza da crítica ou do aliñamento por parte da publicación con determinadas posturas e reivindicacións sociais que conmocionaron a vida de Galicia naqueles anos. Malia a súa innegable calidade e interese, a publicación tivo que desaparecer en maio de 1978, despois de ter publicado 46 números, acuciada por dificultades económicas.

O baleiro deixado por *Vagalume* foi cuberto, nos anos seguintes, e só de forma moi parcial, por iniciativas de prensa infantil relacionadas con xornais galegos. Tal é o caso de *Bulebule* (suplemento vencellado ás páxinas do semanario *A Nosa Terra*, reaparecido en data recente); de *La Voz de la Escuela* (suplemento do xornal *La Voz de Galicia*, que progresivamente foi galeguizando os seus contidos), ou de *O Pizarrín* (suplemento infantil de *A Pizarra*, á súa vez suplemento educativo do xornal *Faro de Vigo*).

Na última década do século XX o desenvolvemento da prensa infantil en galego, estancado nunha situación de non crecemento que parece non ter solución inmediata, contrasta coa presenza, pulo e interese dunha literatura para nenos en galego que, en quince anos, conseguiu converterse nun referente no contexto español, coa cada vez máis frecuente presenza de autores galegos na nómina das principais editoriais do resto do Estado, a tradución case automática de moitas das súas obras ás linguas do contexto peninsular, e a repetida consecución por parte de obras escritas orixinalmente en lingua galega dos premios máis reputados en España no ámbito da literatura infantil e xuvenil.

Fronte a esta situación certamente relevante, a prensa infantil en galego parece atravesar un deserto tan só interrompido por iniciativas moi interesantes pero case sempre efémeras. Tal é o caso da revista gratuíta *O Esquíu Darío*, publicación promovida en 1995 por Editorial Galaxia e dirixida pola mestra e escritora Rosa Luengo, que na súa curta traxectoria revelou a viabilidade dun proxecto que vinculaba prensa infantil con promoción da lectura a través dun soporte a toda cor e de deseño e maquetación moi frescos e actuais. Sen pecar de ambiciosa ou aparente (máis ben asumindo con excesiva convicción a súa condición de apoio subordinado a outros materiais),

O Esquíu Darío encheu un oco entre as publicacións periódicas galegas para nenos do momento e soubo chegar ó seu público con eficacia, como o demostra a masiva participación de lectores que concitou desde o primeiro número. A irregularidade da súa publicación e o excesivo afán comercial que motivou a súa aparición traballaron, ó cabo, en contra da súa supervivencia e motivaron a súa prematura desaparición.

Será Edicións Xerais de Galicia a que poña en marcha en 1999 a que se pode considerar como a aposta máis decidida e profesional dentro do ámbito da prensa infantil en galego. A revista *Golfiño*, dirixida por Miguel Vázquez Freire, ofreceu dezaseis páxinas mensuais a toda cor nas que se publicaron traballos dos mellores escritores e ilustradores dos últimos tempos. Os criterios seguidos para organizar e seleccionar os contidos e maila liña editorial desta publicación foron, según palabras do seu director,

a calidade estética e a capacidade de comunicar cos rapaces. Pensamos desde o primeiro momento nunha revista na que predominase a banda deseñada, con contidos maioritariamente (pero non exclusivamente) humorísticos, e que evitase toda tentación pedagoxista. Non obstante, tívose en conta tamén que, dáda-las características dos seus destinatarios (nenos e nenas de entre oito e doce anos), cumpría coida-los contidos evitando certos posibles excesos (violencia, sexo, agresividade, xenofobia, etc.) e favorecendo a presenza de certos valores (coeducación, protagonistas femininos activos, solidariedade, ecoloxismo), pero respectando a autonomía creativa dos autores. Finalmente, considerouse que a revista debería adicar algunha atención a outros medios expresivos (cunha sección fotográfica e outra de relatos literarios moi curtos) e ter certa dimensión de magazine, incluíndo espazos para a participación dos lectores e seccións (minoritarias con respecto ós contidos totais) de carácter paradidáctico (Neira Cruz 2001: 356)

A desaparición de *Golfiño* acuciada por estreitez as económicas e, sobre todo, polo escaso éxito de convocatoria acadado entre os subscritores, levou a escribir —mesmo a través das páxinas dos xornais— unha necrolóxica máis na historia das iniciativas de prensa infantil en galego. Afortunadamente, a recente recuperación desta cabeceira —xa desvendellada do seu promotor inicial— por parte de *La Voz de Galicia* abriu novas e inusitadas posibilidades para *Golfiño*; a incorporación desta publicación á serie de produtos culturais que semanalmente oferta o xornal coruñés ós seus lectores permitiu que, por primeira vez —e desde o 17 de maio de 2002— unha revista infantil en galego supere o umbral dos 10.000 exemplares de tiraxe media.

A iniciativa de prensa infantil máis recente en lingua galega é a protagonizada pola revista *Plis-Plas*, publicación estreitamente relacionada co programa homónimo emitido pola Radio Galega nas mañás dos sábados dirixido ós oíntes máis novos. De feito, o mesmo equipo que se encarga de realizar o programa radiofónico é o que integra a redacción desta revista que naceu como prolongación sobre o papel dun nome e dun produto para nenos consolidado con éxito a través das ondas. Estamos, xa que logo, diante do primeiro caso desenvolvido en Galicia dunha experiencia de prensa infantil

que nace apoiándose no impacto e popularidade doutro medio de comunicación, neste caso radiofónico, tendencia que conta con abundantes exemplos na actualidade noutros países de Europa, sobre todo en Francia, pioneira e principal valedora da prensa infantil no contexto europeo. Hai que sinalar, por outra parte, que a revista *Plis-Plas* aproveita e desenvolve no só uns contidos e uns personaxes con voz propia, senón mesmo unha estrutura de lectores potenciais conectada coa iniciativa asociativa “Os detectives verdes”, club infantil apoiado na rede escolar a través do cal *Plis-Plas* —programa de radio e revista— pon en marcha proxectos relacionados co coidado e o respecto do medio natural. Os membros desta agrupación ecoloxista auspiciada por *Plis-Plas* encárganse de denunciar situacións de risco ecolóxico na súa contorna inmediata e mesmo asumen a tarefa de levar a cabo pequenos programas de recuperación de espazos ou elementos da flora e da fauna ameazados ou afectados pola degradación, sempre baixo a supervisión ou a coordinación dun docente. De feito, cada grupo de nenos recibe o nome de Axencia de Detectives Verdes, e cada axencia correspóndese cunha escola. Por este singular medio, *Plis-Plas* logrou crear un entramado de socios, colaboradores e correspondentes infantís que, á altura de decembro de 2000, implicaba a uns 4000 nenos e nenas de toda Galicia distribuídos en 64 axencias ubicadas noutros tantos centros escolares.

Puntos de contraste coa evolución da prensa infantil e xuvenil nas outras linguas do Estado

1) Implantación serodia e carácter efémero das iniciativas monolingües en galego de prensa infantil e xuvenil, situación esta que contrasta coa evolución da prensa infantil e xuvenil en catalán e, en menor medida, en éuscaro. En Cataluña, o afán pola produción de publicacións periódicas para os máis novos empezou a desenvolverse coa Renaixença. Na historia deste ámbito, a revista *En Patufet* ocupa un lugar de honra, por ser a primeira que se publicou en catalán e polo importantísimo traballo a prol da catalanización que despregou desde 1903 (data na que foi fundada por iniciativa dun grupo de socios do Foment Autonomista Catalá) ata a súa desaparición, acontenida 34 anos despois por mor da entrada en Barcelona das tropas franquistas. Os obxectivos trazados para *En Patufet* quedaron reflectidos nos folletos publicitarios distribuídos nas vésperas da saída do primeiro número (que estivo na rúa o 3 de xaneiro de 1904).

(...)inclinat als nens i nenas (...) a llegir en català y despertar en sos cors ignocents l'amor a las nostras tradicionals costums, a las rondallas morals y instructivas, als bonichs y discrets jocs de l'infantesa, a las endevinallas avivadoras de la comprensió (Larreula 1985: 15)

Ó amparo da magnífica aceptación dispensada a *En Patufet* foron xurdindo outras moitas iniciativas semellantes, de carácter máis local e ningunha delas coa implantación e maila importancia da cabeceira da que

estamos a falar; todo isto evidencia unha situación de partida da prensa infantil e xuvenil en catalán que contrasta coa febleza demostrada en todo momento polo mesmo xénero en lingua galega, como xa se indicou.

2) Indiferencia do tecido social e cultural ó desenvolvemento dunha prensa para nenos e mozos en galego, aspecto que, se ben se tentou corrixir con cada un dos intentos para poñer en marcha iniciativas de prensa infantil en galego (de feito, tralas escasas iniciativas chegamos a atopar persoeiros de primeira liña da cultura e da política de cada momento), en ningún caso acadou a dimensión do mesmo feito en Cataluña, onde albiscamos a presenza de figuras tan salientables como a do escritor e catalanista Josep Maria Folch i Torres á fronte da dirección de *En Patufet*, e que terá continuidade despois da Guerra civil, nos esforzos realizados pola Acadèmia de la Llengua Catalana para poñer en marcha publicacións como *Cavall Fort* e *Tretzevents*, exemplos, por outra banda, da capacidade dunha publicación destinada ós máis novos para se converter en soporte aberto á colaboración de artistas de primeira liña como Joan Miró, Antoni Tàpies ou Josep Maria Subirachs.

3) Ausencia do medio familiar na consolidación de hábitos lectores entre os máis novos relacionados co consumo de prensa infantil e xuvenil, situación oposta á que atopamos en Euskadi e en Cataluña, onde o compromiso dos pais e nais que queren ver medrar os fillos nunha situación de inculturación na lingua propia é patente, como así se advirte, por citar un exemplo, no caso da revista catalana *Cavall Fort*.

(...) per aixó, i ja des d'un principi, els lectors de *Cavall Fort* van ser majoritàriament nois i noies de famílies catalanes de classe mitjana, normalment creients, encara que hi trobaríem postures ideològiques diverses; nois i noies que anaven a les escoles privades actives que en la mesura de les seves possibilitats intentaven de retornar a la catalanitat d'abans de la guerra, escoles que s'agruparien més tard al voltant de la institució Rosa Sensat, i més tard encara al voltant del Col·lectiu d'Escoles per l'Escola Pública Catalana (CEPEPC). Nois i noies que el diumenge sortien amb l'agrupament escolta, al matí anaven o no anaven a missa i al vespre cantaven *L'hora dels adéus*. Nois i noies que descobrien el país amb la motxilla a l'esquena i al so de la tenora... Nois i noies que 15 anys després ham omplert els quadres polítics i institucionals d'un país que canviava la resistència clandestina pel pacte democràtic (Larreula 1985: 93)

4) Despreocupación, cando non aberta indiferencia por parte de institucións e organizacións concretas implicadas na educación e adoutramento dos membros máis novos da comunidade, situación que nomeadamente se deu por parte Igrexa católica en Galicia, en aberto contraste co acontecido en Cataluña e en Euskadi, onde a Igrexa cumpriu a función de motor de dinamización da produción de prensa para os máis novos, como un factor máis da súa clara aposta pola lingua e cultura propias. Así aconteceu en pleno franquismo, cando as leis do réxime represor

impedían a publicación de prensa nas linguas das distintas comunidades e a Agrupación Mare de Déu de Montserrat pon en marcha a revista en ciclostil *Baloo*, prohibida nada máis ser descuberta polas autoridades. Algo semellante acontece con *L'infantil*, que patrocina o Seminario Diocesano de Solsona, ou con *Cavall Fort*, que conta co apoio directo dos bispados de Vic e de Girona. En Euscadi, a dita relación entre relixión católica e prensa infantil parte dos comezos do xénero en éuscaro, como o demostra a publicación *Umeen Deia*, primeira revista para nenos en lingua vasca creada en 1959 por Felipe de Murieta e subvencionada pola institución cultural navarra Príncipe de Viana.

O estreito vencello entre as revistas para nenos e a relixión católica advírtese tamén no ideario e nos contidos destas publicacións, que combinan crenza con devoción pola lingua e cultura propias. Tal se desprende dos pasos fundacionais dalgunhas das publicacións para nenos e mozos máis importantes entre as citadas ata o de agora.

Cavall Fort naixia amb una decidida actitud d'apostolat. La problemàtica "formació/evasió" no podia existir, i així fou. D'altra banda també ens era clar que una decidida actitud apostòlica no ens havia de portar a un aparatós exhibicionisme confessional. L'exaltació dels valors humans és una forma d'apostolat. Tot i així representa una actitud teòrica no gens fàcil de portar a la pràctica (Tremoleda 1967: 18)

Bibliografía citada

- BARTOLOMÉ CRESPO, D. *Revisión del concepto de prensa infantil y juvenil. Prensa de intencionalidad pedagógica*. Madrid: Publicaciones de la Universidad Complutense de Madrid, 1981.
- ETXANIZ ERLE, Xabier. "Literatura infantil e xuvenil vasca". *Boletín Galego de Literatura*, 23 (2000): 77-100.
- FERNÁNDEZ PAZ, Agustín. *Os libros infantís galegos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989.
- LARREULA, Enric. *Les revistes infantils catalanes de 1939 ençà*. Barcelona: Llibres 62, 1985.
- NEIRA CRUZ, Xosé A. *Prensa infantil e escolar en Galicia*. Santiago de Compostela: Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, 2001.
- "A prensa infantil nas linguas do Estado español". *Anuario de Estudios Literarios Galegos* (2001): 169-186.
- TREMOLEDA, J. *Cavall Fort, una experiència concreta*. Barcelona: Nova Terra, 1967
- VALRIU I LLINAS, Caterina. *História de la Literatura Infantil i Juvenil Catalana*. Barcelona: Pirène, 1994.

Neira Cruz, Xosé A. “A prensa infantil e xuvenil galega e as súas relacións coa prensa para nenos e mozos das distintas comunidades lingüísticas do Estado español”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.